

Decembro 2017

## **CIG-Ensino alerta da deriva centralista do Informe 2017 sobre o sistema educativo aprobado no Consello Escolar do Estado**

**O sindicato conseguiu que algunhas das súas propostas para mellorar o sistema educativo e as condicións de traballo do profesorado fosen aprobadas mais lamenta que outras moitas non contaran co apoio da maioría do Pleno.**

No Pleno celebrado en Madrid a CIG-Ensino votou en contra do **Informe 2017** sometido a debate no que se analizaba a situación do sistema educativo no curso 2015-16 e se incluía unha batería de propostas de mellora para lle seren trasladadas ao Goberno. O voto negativo da CIG-Ensino fundamentouse no marcado **cariz centralista** de boa parte das propostas que se presentaron, ademais de facer fincapé en que institucións como o CEE están a xogar un papel residual no debate sobre o futuro marco legal do sistema educativo a nivel do Estado, mentres os supostos traballos da Subcomisión para o Pacto Social e Educativo no Congreso dos Deputados seguen a adormecer o debate social necesario para tirar abaixo a LOMCE. A CIG-Ensino centrou as súas propostas de mellora nos seguintes puntos básicos:

- Eliminación das subvencións e os concertos educativos aos **centros que segregan alumnado por razón de xénero.**
- **Supresión da materia de Religión do currículo escolar** en todas as etapas educativas.
- **Redución das ratios de alumnado por aula** en todos os niveis educativos, cun máximo de 15 por aula en Infantil e 20 nos demais niveis e etapas.
- **Restabelecemento dos salarios e pagas extras completas** do profesorado coa súa correspondente **actualización**, que sería como mínimo igual ao IPC.
- **Supresión definitiva da taxa de reposición de efectivos**, ofertando as administracións educativas todas as vacantes producidas e necesarias para satisfacer as necesidades e carencias do sistema educativo.

Das propostas presentadas pola CIG-Ensino as seguintes

contaron co respaldo da maioría do plenario:

- Que o Goberno central e os gobernos autonómicos, nos seus respectivos ámbitos competenciais, impulsen medidas para promover a **gratuidade total do ensino básico.**
- Ter en conta o **alumnado repetidor e con NEAE** para **reducir as ratios.**
- A **eliminación**, con carácter permanente, da **taxa de reposición** na función pública docente.
- A **formación sobre organización e xestión de centros educativos** debe estenderse a todo o profesorado, e non só a quen é membro dun equipo directivo para permitir así un maior coñecemento e participación no goberno democrático dos centros.



## O ministro defende un pacto educativo blindado desde o Estado

Méndez de Vigo tivo unha intervención non aberta a debate na cal ofreceu a intencionalidade do Goberno de pechar un acordo sobre un Pacto Educativo que fique blindado de cara ao futuro, baseado nunha maioría “supercualificada” no Congreso dos Deputados.

Tendo en conta o actual mapa de representación parlamentaria e a deriva centralista das organizacións maioritarias só podemos amosar a nosa preocupación por unha máis que posíbel involución na propia capacidade dos galegos e galegas de contar con instrumentos útiles

para deseñar unha educación centrada no país, nas súas carencias e tamén nas súas potencialidades.

Á vista destas declaracións a CIG-Ensino fai un chamado a todas as forzas sindicais, políticas e asociativas do noso país para defender con uñas e dentes o único camiño para conseguir un sistema educativo de futuro en Galiza, que non é outro que impulsar o marco competencial propio e a defensa do ensino público galego e o seu profesorado. O feble marco actual, logo da política destes últimos gobernos do PP, invita a pensar que non se pararán aquí, xa que as políticas do PP responden a un clara intencio-

nalidade recentralizadora, confesional, piramidal na toma de decisións e privatizadora.

## O Consello Escolar de Galiza fica esquecido

O Consello Escolar de Galiza celebrou este mes a súa única xuntanza plenaria en todo o ano 2017, e unicamente para tratar o Proxecto de Decreto que establece o currículo de Técnica ou Técnico Superior en Promoción e Igualdade de Xénero, un texto que xa foi debatido na Mesa Sectorial no pasado mes de abril e que se presenta sen novidades, ao non asumir practicamente ningunha das emendas presentadas polas diferentes organizacións que forman parte del. O papel residual e burocrático no que quedou confinado este órgano queda unha vez máis en evidencia, limitándose as súas convocatorias a cumprir cos preceptivos informes de normas legais, mais sen outorgarlle o papel de foro de debate sobre a situación da educación no noso país.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal